



Pedro Feijoo

1

Unha novela que engancha Crítica de Xosé M. Eyré (Aira das Letras)

Palabras máxicas as que titulan esta crítica. Dicar que un libro “engancha” é convidar directamente á súa lectura. E nós non quixemos agardar máis para facelo, porque quizá é o mellor resumo que dela se pode facer. Porque do resto, nunha novela de 495 páxinas, hai momentos para todo. Aínda que se trata dunha novela detectivesca e Pedro Feijoo non perde nunca o rumbo, tamén é certo que atopa tempo para beirar a novela sobre historia, a novela romántica, a crítica social ou a novela negra. Mais, antes ca nada, *Os fillos do lume* representa o retorno de Mariña e Simón, os protagonistas de *Os fillos do mar* nunha novela que é unha novela de Vigo. De feito, a historia de Vigo é parte fundamental da novela. Porque a novela constrúese sobre a confluencia de dous planos narrativos. A trama que comeza co asasinato do alcalde Vigo, en plena festa da Reconquista e antes de dar un discurso que ía ser sonado, e a que ten que ver coa historia viguesa, que nos retrotrae á mesma fundación da cidade coa chegada dos franceses e consecuente Reconquista, que nos é contada dunha maneira diferente a como se nos veu contando tradicionalmente, nun esforzo por recuperar o protagonismo do pobo que posibelmente fai que a versión de Pedro Feijoo sexa máis verosímil que o que se nos veu contando deica hoxe.

Alternando as dúas tramas, así vai avanzando a novela, estando as dúas conectadas pola misteriosa morte do alcalde, no día da Reconquista e por un moi certo disparo de mosquetón. Uns misteriosos papeis caen nas mans de Mariña e Simón, atribuídos a un tal Velasco Espinosa e coa Confraría do Cristo da Vitoria de fondo, como instancia na que recaen as sospeitas. Aquí, no escrito que Velasco Espinosa lle dita a Candeán, Pedro Feijoo ten o acerto de mudar un chisco o rexistro, non o suficiente como para falar de novela histórica, de feito está máis cerca da novela negra, mais

2019-2020

si altera o rexistro literario aínda que só sexa pola interminábel e variada listaxe de impropiedades cos que Velasco chama ao seu copista. Porén surte o efecto de indicarnos que nos atopamos con outro tipo de discurso, un efecto que xa non é tan acusado na segunda ocasión, cando se trata do escrito de Hugo de Sanxoán. Ambos e dous escritos teñen en común o falarnos da orixe da cidade de Vigo, no tempo da francesada, poñendo en valor o protagonismo do pobo así como do alcalde Vázquez Varela en lugar doutros oportunistas como Pablo Morillo aos cales a historia herdada atribúe uns méritos dos cales non son merecentes. Así, a novela de Pedro Feijoo é unha novela contra a historia (herdada) máis que unha novela histórica.

A Confraría do Cristo da Vitoria é o elemento no cal recaen as sospeitas de Mariña e Simón, sospeitas alternativas ás de Bruno Rodés, outra personaxe que volve desde *Os fillos do mar*, novela coa que esta *Os fillos do lume* ten parecido non só xa no título, descaradamente, senón tamén no ambiente de aventuras no cal transcorre a novela, botando man da historia cando cómpre, antes a batalla de Rande, agora a Reconquista. E na lexibilidade, quen disfrutara de *Os fillos do mar* vaino facer tamén con esta *Os fillos do lume*. Sempre se preguntará porque fillos do lume, nós aquí non o imos responder senón indicar que Pedro Feijoo ocúpase de existir unha xustificación para tal apelativo, mais será o lector quen teña que procurala no trepidante remate.

En definitiva, eis unha novela coa intriga ben dosificada, que nos mantén atentos a cada unha das súas páxinas e que xustifica que Pedro Feijoo sexa o fenómeno literario do momento. Unha novela perfecta para deixarnos levar neste tempo de vacacións en que dispoñemos de máis vagar para a lectura. Unha novela de Vigo que, ademais de entreterenos, nos ensinará unha morea de cousas da fundación da cidade como para entendermos mellor a actualidade, unha actualidade á que non lle esconde a cara, xa que se insire directamente na interminábel galería de casos de corrupción a que asistimos. De feito remata cunha crónica xornalística do caso de corrupción que percorre as páxinas da novela.

Fonte: <http://blogs.airadasletras.gal/critica-de-os-fillos-do-lume-pedro-feijoo-xerais/>

"Os fillos do lume" de Pedro Feijoo (Caderno da Crítica, 2017)

«A miña profesión ensinome a valorar e respectar a historia da miña cidade. E non hai espello onde a ela lle guste máis mirarse que na súa arquitectura», di o coprotagonista desta novela o arquitecto Simón Varela. En efecto, da historia dunha cidade revoltada como é Vigo, mais tamén da súa fundación como tal, de tramas vinculadas á corrupción urbanística, dunha ou varias historias de amor, de personaxes nalgún caso pintorescos pero solventes pululando polos douscentos últimos anos da fiel, leal, valorosa e sempre benéfica, fala esta novela de Pedro Feijoo, empoleirado con xustiza como un dos narradores de maior alento e proxección desde hai uns anos para acó, tanto no ámbito da crítica serena como da cidadanía lectora pois resulta indubidable como, nun breve período de tempo, o autor conseguiu converterse nun auténtico fenómeno literario do que un non pode deixar de alegrarse porque este se sustenta tanto na escolla de argumentos que contan cun inequívoco atractivo para unha ampla franxa lectora como no manexo das ferramentas máis acaídas: ritmos narrativos apropiados, diversidade na tipoloxía textual -manuscritos, crónicas e

certa concepción teatral da proposta- ou verosimilitude nas tramas que se entrecruzan, onde sempre hai ocasión para que agrome a vontade de intervir sobre o presente, sen dar as costas a un fino humorismo.

De todo isto hai nesta novela mais por baixo desa urdime de thriller ambicioso e milimetricamente deseñado, desenvolto nun espazo familiar ou que se pode converter en familiar -fantástico ese comezo na Porta do Sol, o capítulo da persecución polo Parque de Castrelos ou a presenza do edificio simbólico da Panificadora, por só citar tres casos-, hai máis: moito máis. E talvez o elemento que cohesione esta novela se alicerce aquí nesa vontade irrenunciable de cuestionarse ese lugar común que nos explicaron desde pequenos e que apunta á historia da Reconquista contra os franceses: Os fillos do lume ten o mérito de situar ese foco que desvela a orixe das cousas a outra altura, fai que revisemos mitos fundacionais por se isto da liberación da ocupación francesa non sería, na realidade, a de lograr unha independencia distinta, inspirada noutras instancias e con outros intereses onde o protagonismo lle correspondería a figuras diferentes. Se queren coñecer as razóns desta interpretación, se queren pasar unhas fantásticas horas de lectura non dubido que este libro espera por vostedes.


Fonte: <https://cadernodacritica.wordpress.com/2017/07/15/os-fillos-do-lume-de-pedro-feijoo/>

Pedro Feijoo: «'Os fillos do lume' está a cabalo entre a novela histórica e o thriller» Por Alicia Pardo (La Opinión, 2017)

Dice que no hace novela negra, pero su última obra comienza con un disparo. Pedro Feijoo, autor de libros como *A memoria da choiva*, retoma a los personajes de *Os fillos do mar* para construír *Os fillos do lume*, un “thriller histórico” que presenta esta tarde a las 19.30 horas en la librería Lume. De la mano de Simón y Mariña, y revisando como siempre la historia de su urbe, Feijoo centra en esta ocasión su atención en 1809, un periodo turbulento con el que desentraña la intriga de la fundación de su Vigo natal.

Dio el salto al humor con *Morena, peligrosa y románica*, pero vuelve de nuevo al misterio con *Os fillos do lume*.

Sí, vuelvo al registro en el que me siento cómodo. *Morena, peligrosa y románica* fue como salir al recreo luego del duro examen que supuso *A memoria da choiva*. Después de él, lo que quise fue pasarlo bien, y también, como todo el mundo me dice que soy un escritor de novela negra a pesar de que estoy convencido de que nunca he escrito nada de ese género, jugar a destrozarse una.



Tertulias literarias

Su nueva obra comienza con el asesinato del alcalde, ¿tampoco es novela negra eso?

Más bien es algo a caballo entre la novela histórica y el thriller. Empieza con el asesinato del alcalde, pero nos lleva a la parte histórica de la ocupación napoleónica, el momento de decidir qué se hace, si entramos en la modernidad o nos quedamos en el absolutismo.

¿Hay más realidad o ficción?

Por increíble que pueda parecer, prácticamente todo lo que cuento es real. Por ejemplo, el capítulo en el que se describe el asesinato de tres vecinos de Vigo. Algunos me dicen que me pasé con la violencia, pero esos asesinatos están sacados de las actas del juicio que se celebró después. Son absolutamente reales.

¿Y por qué ese interés por desentrañar el pasado?

Me viene muy de niño. Yo soy nieto de Manuel de la Fuente, un periodista de *Faro de Vigo* que trabajó en el rescate de la memoria de la ciudad. Crecí mamando ese interés, y gracias a él aprendí que había un trabajo importantísimo que hacer para conocernos. Esa es mi trampa, soy un tramposo [se ríe]. Juego a hacer novelas que parezcan solo entretenimiento, pero en realidad son distracciones que llevan a ese otro mensaje que estoy intentando contar.

Para él recupera en este libro a Simón y a Mariña, de *Os fillos do mar*. ¿Por qué?

Por la voz. Simón y Mariña tienen su discurso hecho y una voz que resulta conocida. *Os fillos do mar* funcionó muy bien y sus personajes son un terreno que ya tengo ganado.

Con ellos se dio a conocer como escritor hace cinco años, ¿cómo ha sido trabajarlos de nuevo ya como autor consagrado?

Te podría contar una milonga, pero volvemos a lo mismo: que soy un tramposo. Todos los escritores en el fondo están contando la misma historia de distintas maneras y hablando siempre de sí mismos. Y cuando escribes tu primer libro, esto es mucho más evidente. En Simón y Mariña hay muchísimo de mí y de mi pareja, y ahora, aunque es cierto que tengo otras experiencias y que he crecido como escritor, siguen siendo personas con las que me encuentro día a día. Así que fue fácil.

Fonte: <https://blog.xerais.es/2017/pedro-feijoo-os-filos-do-lume-esta-a-cabalo-entre-a-novela-historica-e-o-thriller/>

Tertulias literarias

Pedro Feijoo: «A verdadeira historia da Reconquista de Vigo daría a ela soa para mil novelas»

Por Lourdes Varela (Faro de Vigo, 2017)

Na súa cuarta novela, *Os fillos do lume* (Xerais), recién saída do prelo, Pedro Feijoo sitúa a trama nun dos episodios fundamentais da historia de Vigo: o da Reconquista da cidade aos franceses. No proceso de investigación, Feijoo descubriu a descoñecidos, pero reais, personaxes que tiveron unha importancia básica naqueles feitos históricos.

Unha novela que comeza cun atentado contra o alcalde de Vigo, xa chama a atención por si soa. Deulle moitas voltas antes de decidir este inicio ou tñaño claro xa cando principiou a artellar a trama de *Os fillos do lume*?

Tñaño moi claro. Nas miñas novelas sempre tento enganchar o lector desde o primeiro momento. Busco chamar a súa atención e mantela ao longo de toda a trama ata a última palabra da última páxina. E para esta ocasión, onde imos acompañar, entre outras, á figura dun alcalde determinante para comprender a historia da cidade, como foi Vázquez Varela, que mellor maneira de impactar na atención do lector que asasinando o “mediático alcalde” César Escudeiro?



Festa da Reconquista 2019 (Vigo)

© La Voz de Galicia

Nesta obra recupera a personaxes de *Os fillos do mar*. Eran de todo o punto fundamentais para contar a historia ou moveuno un pouco a nostalgia?

Nesta novela imos asistir ao desenvolvemento dun episodio fundamental para comprender a historia, non só de Vigo senón mesmo de Galiza, o momento en que o país entra na súa

2019-2020

Tertulias literarias

contemporaneidade, véndose na disxuntiva de ter que escoller entre progreso ou absolutismo. Entre as moitas posibilidades que o tema ofrecía, eu preferín facelo desde a perspectiva da miña cidade, que á fin e ao cabo é a que mellor coñezo, de maneira que, cando chegou o momento de construír a trama, vin que, en realidade, xa tiña a sorte de poder contar con dúas voces perfectamente válidas para mergullar nesa parte da nosa historia. Esa foi a razón de que volvese chamar á porta de Simón e Mariña. E, por fortuna, ese día estaban na casa...

Por que elixiu os feitos históricos relacionados coa Reconquista da cidade aos franceses. É este, para Vde., o acontecemento histórico máis importante da historia de Vigo?

Porque, postos a falar sobre Vigo, este é o seu momento fundacional en tanto que cidade. Por se alguén non o sabe, Vigo gaña ese título con base nos “méritos” demostrados durante a loita contra os franceses, e iso é algo que hoxe nós seguimos a celebrar desde o maior dos orgullos cada primeiro domingo logo do 28 de marzo, na festa da Reconquista. Pero sucede que, a pouco que un rasque, deseguida descobre que o asunto non foi exactamente como hoxe nolo contan. Non hai constancia real de ningún Carolo botando abaixo ningunha porta da muralla; Morillo non tivo ningún tipo de comportamento heroico que o fixese merecedor de seguir aínda hoxe no alto de ningún pedestal (máis ben todo o contrario!); e Aurora... Quen raio era esa tal Aurora da que tanto se fala ultimamente? E, por se isto fose pouco, resulta que os que si existiron foron toda unha serie de persoas e actos ben máis merecedores de seren contados que, curiosamente, non aparecen recollidos por ningures. A verdadeira historia da Reconquista daría ela soa para mil novelas.

Descartados os que cita, entón cal é para Vde. o personaxe histórico real máis atractivo dos que protagonizaron a Reconquista?

Difícil quedar só con un xa que, como digo, a pouco que un investigue deseguida aparecen os matices que separan a persoa real do personaxe representado: Chalot estaba moi lonxe de ser o pelandrán que hoxe nos queren vender, Morillo tiña máis de miserable que de heroe e, falando de heroes, resulta que a astucia de Vázquez Varela foi determinante para comprender o éxito da batalla: os paisanos xamais terían derrotado os franceses da praza sen o traballo de desgaste realizado previamente polo alcalde. Pero, se tivese que quedar cun único nome, ese sería sen lugar a dúbidas o dun home que, precisamente, nunca aparece representado na festa da Reconquista: Buenaventura Marcó del Pont, industrial catalán vinculado coas primeiras conserveiras viguesas, membro da Corporación municipal, alcalde da cidade logo da ocupación e, sobre todo, principal actante nun dos episodios máis importantes na nosa historia e, porén, menos coñecidos: o desenvolvemento do Vigo corsario. Marcó del Pont foi o maior armador en curso da vila, chegando a se converter nunha das primeiras fontes de riqueza para a cidade do seu tempo e unha verdadeira dor de cabeza para os ingleses. E, curiosamente, hoxe nin sequera hai unha rúa que leve o seu nome...

Quixera que nos falara do proceso de documentación histórica que manexou para escribir *Os fillos do lume*.

A documentación sempre é fundamental nas miñas novelas, ata tal punto que xamais comezo a escribir nin unha soa liña do texto que logo será parte do libro ata que non estou absolutamente certo do que vou contar. Nesta ocasión, ademais do longo proceso habitual (nesta ocasión foron máis

Tertulias literarias

de dous anos de traballo só de documentación), onde son incontables as horas de arquivo, biblioteca e consulta cos grandes eruditos da historia local (entre os que cómpre salientar a impagable axuda de Jorge Lamas), debo remarcar o acceso a unha serie de títulos xa descatalogados, moitas veces case inaccesibles, como son a Historia de Vigo de José de Santiago; a Historia íntima de Vigo, de Amador Montenegro; a fabulosa La caracola de piedra, do profesor Pedro Díaz, non sempre recoñecido como merece; e outros autores, como Espinosa Rodríguez, Taboada Leal, Xaime Garrido, Lalo Vázquez Gil ou Manuel de la Fuente, absolutamente imprescindibles para coñecer a historia viguesa e, sen embargo, aínda non antologados como eles e a memoria da cidade merecen. Ás veces, dáme a sensación de que vai sendo hora de chamar por unha nova historia de Vigo...

7



Festa da Reconquista 2019 (Vigo)

© Metropolitano

Se vivise naqueles tempos e concretamente ese episodio histórico, de qué bando estaría?

Desde a perspectiva que nos ofrece a historia e, sobre todo, a comodidade quenos dá o paso do tempo, estando aquí, a salvo e todo, supoño que a resposta máis habitual é a de escoller o bando francés. Tanto é así, que esa era sempre a miña resposta antes de coñecer a historia a fondo. Á fin e ao cabo, quen ía poñerse da parte do Rei Felón e o seu absolutismo máis salvaxe? Pero tamén hai que comprender que os touros son moi fáciles de ver desde a barreira... Como explico na novela, debía de resultar moi difícil poñerse de parte da razón, por moi ilustrada que esta fose, cando as ideas chegaban precedidas polo estrondo dos canóns, as balas dos mosquetóns, e os sables dos húsares. Á fin e ao cabo, esa é a historia de España: a eterna aposta polo bando equivocado...

Esta é xa asúa cuarta novela. Volveuse máis esixente e máis autocrítico á hora de escribir ou coida que a frescura que demostrou dende *Os fillos do mar* é un valor literario seu que quere conservar por enriba de todo?

Sempre son terriblemente esixente comigo mesmo, chegando ao punto de ser autocrítico ata a devastación. Sufro moito con cada libro, tentando facelo sempre o mellor posible, e suando tinta se

2019-2020



Tertulias literarias

é necesario para que cada páxina dea o nivel. Déixome o corazón en cada historia, e, como a todo o mundo, supoño que algunhas veces me sae ben, e outras... O que pasa é que unha cousa non implica a negación da outra: iso que vós chamades “frescura” é o resultado dun proceso moi consciente, no que sempre tento dar o mellor de min. Esa era a miña intención en *Os fillos do mar*, e ségueo a ser en *Os fillos do lume*. Os lectores dirán se o logrei ou non.

Fonte: <https://blog.xerais.gal/wp-content/uploads/2017/06/PFeijooFdC.pdf>

Para saber máis:

- Ampla entrevista en Praza.gal: <https://praza.gal/cultura/pedro-feijoo-ao-longo-de-todos-estes-anos-o-que-fixen-foi-comprometerme-coa-difusion-da-historia-a-identidade-a-memoria>



[Arquivo documentación Tertulias Literarias \(dende 2010\)](#)

Biblioteca Central Rialeda
Avenida Rosalía de Castro 227 A
15172 – Perillo (Oleiros)
Tfno.: 981 639 511
Fax: 981 639 996

Email: biblioteca.rialeda@oleiros.org
Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>